ningunha Comisión específica convocada cun orde do día previo, que nun dos seus puntos da Orde do día puxera tramitación do Prego de Condicións para a concesión do Parque Eólico, e certo que o comentamos o outro día na Xunta de Portavoces, pero tamén e certo que non se convocou ningunha comisión que especificamente dictaminara, e nos temos que poñer de acordo en que valor lle damos a Xunta de Portavoces, porque outra cousa sería se a Comisión de Portavoces levara un punto no seu Orde do Día que dixera "Parque Eólico singular ou toma de posición co Parque Eólico Singular, tería un valor no sentido de acordar ou de tomar un acordó específico, e algo de razón ten o portavoz de NAL no sentido de que ese debate específico non se levou a cabo, entón eu creo que nos debemos aclarar, e se este asunto ten que pasar pola reunión de portavoces porque na comisión que lle corresponde non están todos os grupos, que eu son partidario que se faga así, ten que ir como un punto específico da reunión de portavoces, ou toma de coñecimento ou toma de posición, e así nos aclaramos e non estamos aquí debatindo, que eu pensó que as Comisións de Portavoces o que tratan digamos é de quitarlle chollo a este Pleno e non de darnos máis, En segundo lugar e xa indo sobre o tema do parque eólico, quería facer unha intervención, e referirme a dous temas, un tema sería sobre a tramitación deste proxecto, e outro tema moito más concreto, sobre a proposta que hoxe se trae aquí a aprobación. A respecto do tema da tramitación deste proxecto, eu creo que é bastante evidente que estamos falando dun tema que se alongou no tempo onde o primeiro acordo que se toma por parte desta Corporación, tomase no mes de xaneiro do ano 2005, a finais do ano 2005 se volveu a tomar un acordó relativo a consideración da memoria de actividades e é certo que despois do ano 2005 pois non volvimos a saber absolutamente nada de todo esto, a non ser que fora un debate que houbo nos medios de comunicación onde se paralizaron alguns parques eólicos singulares promovidos polos Concellos, e onde despois hai unha resolución do ano 2007, onde se admiten a trámite alguns parques eólicos, e este tema é importante porque eu xa escoitei falar aquí de que o Parque Eólico Singular da Bailadora estaba aprobado, cando o que vimos hoxe aquí e nada más e nada menos e a aprobar unha concesión para que se faga o proxecto, entón eu digo que en todo caso miramos ben os tempos en que estamos, hai unha resolución da Xunta que admite a trámite, admitir a trámite é posibilitar de que eso poida ir adiante, pero ainda estamos aquí envoltos noutro debate, en todo caso dos debates que dimos no ano 2005 que é onde se sustanciou o principal que era se a Corporación entendía como un proxecto prioritario a instalación dun Parque Eólico Singular na zona da Bailadora, neste debate hai duas actas que eu creo que son tremendoamente clarificadoras, que son as actas do 28 de xaneiro e do 31 de outubro do ano 2005, por non reproducir os diversos debates que se deron aquí, quero facer mención a que en concreto cando se fala da petición do Parque Eólico Singular, no primeiro Pleno que é o punto de partida de todo esto, hai un intenso debate por parte de todos os grupos que compoñíamos a Corporación, na idoneidade, na necesidade, na ubicación, e fundamentalmente na tramitación, pois o día que se toma o acordó da petición do Parque Eólico Singular, en concreto hai unha intervención miña como portavoz do BNG onde leo textualmente a acta, onde o Sr. Rodríguez Doval dí: Eu quero que o Sr. Secretario faga constar si existe ou non a documentación que existe a convocatoria, resposta o Sr. Secretario: non está a documentación, despois en outro punto, o Secretario di que a Orde do 29 de outubro de 2002 que é a que convoca existe no seu artigo 3º no caso de que un solicitante sexa un Concello este deberá presentar unha xustificación de haber realizado os trámites previstos no artigo 309 a Lei de Administración Local de Galicia, obxesa o trámite para o exercicio de actividades económicas, que era un tema parelló ó tema da solicitude sendo necesario designar unha comisión informativa especial que redacte unha memoria relativa ós aspectos sociais, xurídicos, técnicos e financeiros da iniciativa, o problema esta en determinar a financiación da obra e o sistema de xestión, se non hai proxecto, e dicir vamo á primeira conclusión que temos que no momento en que o Concello de Ares inicia a tramitación da petición do Parque Eólico Singular non había proxecto, non había proxecto, non tiñamos a certeza de quen era propiedade os terreos, falabase naquel momento dunha doble vertiente, que podían ser dunha particular ou se podían ser do Ministerio de Defensa, en todo caso o que era claro nalquen momento é que non eran do Concello, e estaba explicitado a través da normativa, que no caso de existir acordos ou convenios con Entidades Públicas ou Administracións Territoriais, os propietarios dos terreos afectados no caso da súa existencia, e dicir que tería que constar naquel momento se os terreos non era propiedade do Concello, que era quen iniciaba o expediente para a solicitude do



Parque Eólico, e eran dun particular, tiña que existir un compromiso de relación do particular, e se neste caso eran do Ministerio de Defensa, pois tres cuartos do mesmo, e finalmente había tamén unha referencia que fixemos nos, que no momento en que se aproba a petición do Parque Eólico Singular nos tiñamos en vigor o Plan Xeral de Ordenación Municipal, onde nada más e nada menos, que figuraba todo o espacio desa zona, como espacio natural, polo tanto entendímos nos que da lectura do Plan Xeral, leo textualmente o Plan Xeral que estaba en vigor naquel entonce, no ámbito da aplicación, desta ordenanza non se autoriza a construcción de ningunha instalación permanente, permitíndose únicamente a explotación racional dos recursos vinculados ó medio, que non atente contra os valores esenciais que se protexen. Esta é o punto de partida que temos onde eu penso que queda bastante claro e evidente, que o Concello non fixo os deberes desde o primeiro momento, a maiores de todo esto nos fixemos unha consideración, que sigue para nos pesando, non por un problema de coherencia senón por un problema que co paso do tempo creemos que se evidenciou que era así, o que se estaba plantexando aquí, era simplemente que o Concello de Ares fixera a petición dun Parque Eólico Singular, pero xa cunha idea clara que era facer unha concesión a unha empresa privada con o cal como estaba pasando na maioria dos Parques Eólicos Singulares o que se estaba favorecendo non era efectivamente que os Concellos poideran contar cun instrumento que o marxe de que lles dera algún tipo de ganancias propiciase que as economías se poideran sustentar un pouco máis, senón fundamentalmente que o que se estaba facendo, que os Concellos estaban facendo un pouco de intermediarios de empresas privadas, que é lícito que o fagan así, pero non a través dos concellos, que eran as que finalmente accedían á concesión e polo tanto as que levaban os grandes dividendos de toda esta política de concesión, refirome naturalmente os Parques Eólicos Singulares que son os que tramitan os Concellos, ben eu creo que é bastante evidente que a día de hoxe e coa proposta que se nos trae aquí, pois non soamente non andábamos desencamiñados senón que estábamos total e absolutamente acertados, o que se trae hoxe aquí é unha proposta para que o Parque Eólico Singular do que non temos nin proxecto, se lle tralade, se lle de unha concesión a unha empresa privada que faga nada más e nada menos que o Proxecto Técnico definitivo, que o execute e que leve a concesión e mantenimento durante un determinado numero de anos, a cambio naturalmente, so faltaría, de que nos de unhas concesións de carácter económico, e hai é onde estamos situados no debate, o debate ou ecuación que hai que despexar é si o Concello de Ares neste momento, nesa balanza, que temos que ponderar entendemos que nas condicións actuais son maiores digamos os beneficios que obtén o Concello de Ares, que os que obtén a empresa privada, e si nesa ecuación a nos compensanos situar nesa zona que non é unha zona calquera que é unha zona singular, se nos compensa situar un Parque Eólico Singular. Ese é o debate, entón nese debate hai un problema de coherencia que non o ten o Bloque Nacionalista Galego, porque a nosa posición de hoxe sustentase no que fixemos no ano 2005, sustentase no que ten pasado do ano 2005 ata aquí, e sustentase tamen no que esta pasando no ano 2009, efectivamente nos pensamos, que nesa ecuación non sae gañando o Concello de Ares, porque dos grandes dividendos que eu non vin áinda cuantificados aquí, porque descoñecemos o proxecto definitivo que hai que elaborar por parte da empresa concesionaria, polo tanto non o vamos saber ata ese momento, nos o único que sabemos e que deses dividendos que vai a levar a empresa privada, que é lícito que o faga, pero non utilizando ó Concello como parte intermediaria, non sabemos o que van a ganar eles e o que vamos a ganar nos, e nesa ecuación o que temos que dicir é se por ese diñeiro que vamos a ingresar anualmente ó Concello de Ares lle compensa trasladarlle máis beneficios a unha empresa privada que vai a ser a adjudicataria, pero sobre todo pensamos nos que o máis importante, se lle compensa impactar novamente unha zona que nos entendemos que xa esta suficientemente impactada, e hai e onde esta a gran contradicción que nos vemos entre o que se vai facer a día de hoxe e o que fixemos no último pleno, no último Pleno tuvemos aquí un debate tremendo sobre a necesidade de ordenar todo o que é o volumen de edificacións, fundamentalmente de antenas, de todo tipo, radiotransmisoras etc., que están situados na veira que prácticamente rodean e que desde logo deterioran estéticamente e non sei se desde outro punto de vista toda a zona da península de Montefaro. Claro, loxicamente que un non entende moi ben e que o final nun pleno aprobemos, que as antenas que levan hai vintepico ou trinta anos, as poñamos en orde, que hai que facelo, e que no Pleno seguinte, nos acordemos a instalación dun Parque Eólico Singular, na misma zona, esa é a ecuación que nos temos que despexar aquí, eu non chego a



entender moi ben, como en nome dun suposto beneficio, que vamos a obter deso que vai a ser unha infima parte do beneficio que vai a quitar a empresa privada, nos a contribución que facemos, é onde tiñamos vintepico de antenas, colocar duas, tres ou catro torretas dun Parque Eolico Singular, que xa digo vai a dar excelentes dividendos, na súa grande parte para a empresa privada, e dividendos menos excelentes menos cuantiosos para á empresa pública, neste caso concreto para o Concello de Ares. E finalmente sobre o tema do prego de condicións, o prego de condicións é o resultado dunha decisión política que se toma, como xa dixen aquí hai catro anos e medio, nos poderíamos ter obtado por outra formula, xuridicamente non era imposible, o Concello de Ares, incluso podería facer unha xestión directa do Parque Eolico Singular, aludeuse a cuestión de carácter técnico, claro estas cuestións de carácter técnico son as que controlan moi ben as empresas privadas, que utilizaron unha convocatoria onde teóricamente din que os concellos,poden xestionar parques eólicos singulares, e a este momento os únicos que se están beneficiando son as empresas públicas que aproveitando a debilidade técnica que temos os concellos, para xestionalos, utilizan os Concellos para facer de intermediarios, nos somos os que poñemos a cara, pedimoslo á Xunta pero despois lles facemos unha concesión por coarenta anos a unha empresa privada que vai a ser quen o vai a xestionar, bueno o Prego de Condicións é un pouco o resultado de todo eso, non sei se e bon ou se é malo, pero efectivamente contén toda unha serie de cuestións que para nos son certamente preocupantes, por exemplo: prazo de duración do contrato 40 anos, técnicamente se dice que a ratio de vida máxima en condicións dos Parques Eolicos singulares é de 21 anos, entón se poñemos 40 anos e en 21 xa non hai muiños vamos a ter difícil que se manteña ese criterio. Nese proxecto de dinamización turística que se lle exixe como contrapartida pola xestión do parque eólico, para a zona, e por certo a mí tamen me gustaría saber se é en Chanteiro ou é en Cervás.

O Sr. Alcalde resposta que é na parroquia de Cervás.

O Sr. Rodríguez Doval, di que en canto a composición da mesa de contratación, que hai tres membros do equipo de goberno, e so un membro da oposición, eso podería ser discutible, pero despois ven outro apartado máis, "cesión e subcontratación", artigo 21, dando lectura o mesmo textualmente, significando que non so é que se lle de a unha empresa privada senón que despois dos tres primeiros anos, esa empresa privada o vai a subcontratar seguramente, a outra empresa privada moito máis forte, que son Hiberdrola, etc. Etc., que son as que están detrás de todo este tema, e son as que protestan cando non lles gustas as medidas que toman os gobernos, nese sentido por mero trámite de coherencia é necesidade, eu quero reafirmar hoxe aquí que nos entendemos, que o Parque Eolico Singular que se pretende instalar na zona da Bailadora non é un proxecto estratexico para o Concello de Ares entendemos nos como primeira cuestión, segunda cuestión, que a tramitación que se fixo do proxecto desde o ano 2005 deixa moito que desexar, e non o di o BNG que o di o Sr. Secretario no debate Plenario, e en terceiro lugar, que entendemos que é unha grande contradicción, que se fale da instalación dese parque eólico singular, nunha zona na que nos presuntamente estábamos a batallar para que se despresionara eso de determinado tipo de instalacións, hai pensamos nos que tremenda contradicción, entre defender que ali haxa un aula da natureza, que alí se lles diga as antenas que están que se teñen que quitar algunas delas e colocarse nunha barra ou nunha antena única, e hai entendemos nos e non entendemos moito do tema pero parvos non somos, unha tremenda contradicción en quitar unha noticia como se esta dicindo e non nos parece mal, sobre todo se se consigue que veña como financiamento de fora da Corporación Municipal, de que se instale un observatorio astronómico e que xustamente tiñamos a 500 metros ou a 200 metros catro ou cinco palas que están funcionando para o Parque Eolico Singular, nese sentido o noso posicionamento vai a ser en rigor, en coherencia co que defendimos no ano 2005, de votar en contra naturalmente deste prego de condicións, por unha razón de fondo como expliquei antes, pero tamén polo propio contido, do prego de condicións que se trae hoxe aquí.



Interven o Sr. Alcalde-Presidente, manifestando que na xunta de portavoces, no seu momento falamos de este tema, e esta o Sr. Secretario para dar fe de que toda esta documentación se puxo a vosa disposición fai máis dun mes, sobre eso non pode quedar ningunha dúbida porque o dixen eu expresamente, o parque eólico singular e a concesión de parques, é un reparto de riqueza, evidentemente entorno a explotación desta enerxía renovable hai riqueza, e en consecuencia darlle participación os Concellos e darlle riqueza e repartir riqueza entre os Concellos, porque como a Ares lle diron un parque de 3 megawatios, pois pode efectivamente xestionar ese parque e obter recursos, e dicir lle diron riqueza, e renunciar á riqueza non parece nese sentido moi razonable, cando os concellos o único que facemos e queixarnos da nosa financiación local, non temos diñeiro e non no lo dan e cando o dan parece que non hai que cóllelo, non son catro ou cinco palas, é unha única pala, e evidentemente o recorrido vital dunha pala de 3 megawatios o recorrido ca tecnoloxiao de hoxe, non é o de 21 anos que tiñan as palas de 1,5 megawatios, duran o doble porque tamén valen o doble, en consecuencia é polo recorrido vital, dunha única pala que se vai a poñer, unha única pala equivale efectivamente a desenrolo enerxético, equivale a economía sostenible, equivale a todo eso que Ares tamén quere vender, Ares pode vender Saneamento Integral da Ría, Ares pode vender un Mosteiro que xa non está abandonado, unhas Baterias que ten cada unha un plan sectorial, o drama é que as baterías non poden seguir esperando, porque non temos diñeiro, as veces no lo dan e outras veces non, e aquí temos unha grande oportunidade, de poñer unha única pala que ademáis vende efectivamente economía sostenible, nun entorno que efectivamente se axusta a este menxaxe e que nos vai a dar ingresos para que as Baterias non se sigan caendo, porque aquí efectivamente se esta en misa e se está repicando, e evidentemente hai que tomar decisión e as baterías é un escándalo que sigan como están, igual que era un escándalo como estaba o Mosteiro de Santa Catalina, era unha vergoña, e seguir esperando é outra vergoña, e ou xeneramos recursos ou os buscamos e aquí temos unha oportunidade, porque condicionamos o canón íntegramente a realización dese conxunto na península da Bailadora, na península da bailadora entra de todo porque é unha península, e a lingua de terra que entra no mar, e nesa península esta o Mosteiro, as Baterias e por suposto está a Bateria de Segaña, e alí se vai a poñer unha única pala de 3 megawatios e o esforzo que se fixo ainda que fora intermitente éinxente, porque a míñ cando me puxeron o proxecto enriba da mesa o lein duas veces o non me enterei de nada, é imposible entender eso, o único que podes facer é un prego de condicións técnicas, somos un Concello pequeno o que podemos facer e o más sencillo, aquí hai un prego, vostedes redacten o proxecto, polo tanto deciden onde se vai a poñer, e onde se vai poñer se pode, porque igual hai que poñelo noutro sitio, o executan, e por riba o explotan, que por suposto no último concurso eólico que fixo o goberno galego, creo que todos os megawatios foron dados para xestión por empresas, non coñezo que a Consellería de Industria cun Conselleiro do BNG ó frente optara pola xestión directa, sacou todos a concurso e os adxudicou as empresas, entonces o que fai o seu conselleiro no goberno galego é bo e o que facemos aquí non o é, estamos facendo o mesmo, estamos sacando a concurso e as empresas que se presenten, e si se presenta un que logo os tres anos quere irse fai ben porque efectivamente pode facelo, pero non como vostede dí, senón como di o artigo 21, previa autorización administrativa do órgano de contratación, e dicir previa autorización do Concello, aquí o que se quera ir sen meter outra empresa ten que pedir permiso, porque os subarriendos esixen sempre o consentimento do arrendador, en consecuencia están todas as garantías, que é o que nos podemos facer, a complexidade a poderá verificar o anterior Alcalde que desde o 2005 tivo moitos problemas para sacar esto adiante, e a única maneira de sacar esto adiante é ser sensatos e dicir que veña unha empresa e que faga todo e que pague, xa dira a empresa cando faga o proxecto onde vai, e so vai unha pala e efectivamente é de 3 megawatios. En canto a mezclar esto coas antenas, ningunha pala xenera ningún influxo positivo nin negativo, na saude, e o das antenas é un escándalo e o falamos aquí o outro día, so hai que ver a incidencia de tumores e cáncer na parroquia de Cervás, e por certo vostede votou en contra da ordenación das antenas, pudo haber votado a favor e votou en contra, esta poñendo como modelo comparativo algo do que vostede votou en contra, perdón se abstuve. Unha pola non xenera os problemas de saúde que xeneran as torretas que nos rodean, que nin siquera teñen proxecto, nin evaluación ambiental, non e comparable.



CONCELLO DE ARES (A CORUÑA)

Avd. Saavedra Meneses nº 12 - D.P. 15624 - Tef. 981 468 102 - Fax 981 448 299 - RELGA MU-2000/36 CIF. P-1500400 - E

Acto seguinte intervén o portavoz do Partido Popular Sr. Manuel Cendán Fernández, manifestando que quere facer un pouco de memoria de cómo foi esta tramitación, e explicar, hai bastantes dúbidas, eu teño algunas dúbidas no tema administrativo, pero vou a contestar algunha dúbida que se lle pode valer o portavoz do BNG, que aludía o tema do Plan Xeral dicir que a Xunta prevee ainda que non este contemplado nos Plans Xerais dar autorización os Parques Eólicos Singulares, falo de memoria pero o Sr. Secretario nos pode informe de que a Xunta un Plan Sectorial que permite os concellos que se poidan ubicar estas infraestructuras. Con respecto á ubicación e tramitación, si é certo que hai unha persoa en Cervás que decía que era a propietaria pero nunca o pudo demostrar, nos pensamos que eso era militar, hai un traballo bastante feito sobre ese tema, a ubicación non sería posible hoxe cambiala e o motivo sabedes que durante un ano facer unhas medicións de vento, se facian as medicións todos os meses, e se veu se era apto ou non apto o sitio, para colocala hai, nos vamos a darlle o paraben a este proxecto, ainda que agora poidamos pedir que se enriqueza o debate e as dúbidas que poidamos ter entre todos, pero nos queremos que esto salga adiante, e non sei se a intención do BNG e votar en contra de que non se ubique esto hai, ou as dúbidas que poidan ter, o que queremos que ninguen teña dúbidas desto, que se vexa a trasparencia por parte de todos os Concelleiros, vamos a facer unha concesión de forma transparente, que vai ser beneficiosa para a comunidade e para o Concello de Ares.

O Sr. Alcalde manifesta que redactado o proxecto, este ten que vir o Concello para súa aprobación, e darlle a oportuna licencia, e cando lle demos licencia o executan e o explotan, o proxecto vai a vir aquí, cando nos presenten o proxecto, vamos a ver onde se localiza e veremos de quen son os terreos, según o proxecto que ten que localizalo hai, e se non se pode poñer neses terreos tera que poñerse outros, o proxecto aínda ten que facerse, por eso eu lle din tranquilidade a esto porque falta redactar o proxecto e que este veña ó Concello para darlle licencia, e hai veremos todas estas cousas que poden inquietar.

O Sr. Manuel Cendán Fernández, di que ainda que teñen algunas dúbidas e matices técnicos están de acordo pero nos non vamos a impedir que si por parte dos portavoces dos outros grupos políticos queren unha moratoria dunha semana, si hai algumas dúbidas que por parte do Sr. Secretario se nos informe, nos podemos acceder a eso, en principio nos vamos a darlle adiante a este proxecto, foi unha cousa que habíamos empezado nos que é beneficiosa para o Concello, para a parroquia de Cervás e creo que estamos todos en sintonía, non temos inconveniente en que quede unha semana hai, pero nos vamos a darlle para adiante a este prego e o proxecto.

Interven novamente o Sr. Alcalde-Presidente, manifestando que o proxecto ten que vir aquí e o proxecto o vemos, esto é un prego de condicións económico administrativas, non é nada máis, e un prego para que unha empresa nos saque do impas no que estamos, porque esto se esta dilatando, e hai toda unha tramitación, que temos que terminar, neso ten razón Manolo cando di que está admitido a trámite, nos queda moito traballo por diante, todo un proxecto que ten que supervisar Industria, e que logo nos temos que estudiar e darlle licencia, e certo que simplemente esta admitido a trámite, unha demora de dous anos e de tres anos, estamos continuamente en demora, eu creo que o debate xa esta aquí, non hai mais debate o prego de condicións esta hai, e non hai ninguna dúbida, logo hai unha comisión de contratación e se saca o concurso, logo veremos como facemos o Parque Eólico, veremos como é o proxecto, onde vai e efectivamente en que vai a consistir, temos que decidirnos aquí hai un debate, e esto estuvo a vosa disposición foi a Xunta de Portavoces, e agora o estamos debatindo no Pleno, e hai un informe de Secretaria que efectivamente lle da o visto bo, e un prego de condicions técnicas non é nada máis.

Toma a palabra o Portavoz do BNG Sr. Rodríguez Doval, manifestando que quere facer tres precisóns nada máis, a precisón que teñamos o máximo rigor, aquí para xustificar determinado tipo de posicionamentos ou da argumentación, non fai falla recordarlle a un onde naceu,



simplemente creo que é mellor que falemos dos parques eólicos e concretamente do Parque Eólico Singular de Ares. Eu tamén estou preocupado e o noso grupo tamén esta preocupado polo tema da financiación dos Concellos, pero igual que creio, creíñ e seguirei creendo que foi un erro, que ó fio da burbuilla inmobiliaria moitos concellos se creían, que efectivamente ían a tapar as miserias que tiñan a nivel de financiamento cunha cuestión que despois non foi tal como era o imposto de construccions, e neste Concello podemos falar moiísimo deso e a onde vamos ir a parar, como consecuencia desa política desastrosa, tamén penso e non o digo eu so, pensarmos agora que do tema dos Parques Eólicos Singulares pode ser unha vía para amortiguar o problema económico dos Concellos, pensó que é un error, eu non digo que si un Concello recibe 45.000 euros ó ano sexa mellor que quen non os reciba, pero a ecuación que eu plantexei non era esa, a ecuación que eu plantexei é quenos recibimos 45.000 euros o ano ou o que poñamos no prego de condicións como resultado dun proceso que nos non controlamos, e nun debate que se deu concretamente no ano 2004 no Parlamento Galego hai unha intervención, dun membro do Parlamento Galego, que dixo que o que estaba facendo a Política dos Parques Eólicos singulares era permitir engordar unha bolsa de intermediarios ilícitos que comercian cos parques eólicos, a persoa que facía esta afirmación era diputada polo PSOE Dª Natividad Gonzalez Laso, non era ningún diputado do BNG, polo tanto sobre temas eólicos e se queremos abrir aquí o debate sobre o concurso eólico tamen podemos falar e seguramente se nos caen os colores a todos, pero eu estou falando dun parque eólico singular, non da política con respecto os parques eólicos, e os parques eólicos singulares teóricamente son unha formula que fan para que os concellos que estaban moi cabreados, porque no seu ámbito territorial se poñían palas, palas e palas e os concellos non veian nada, que teóricamente poideran eles xestionar, o final houbo unha derivación, unha perversión e non esta sendo así, e de feito se esta dicindo agora aquí, por un lado se dixo que o proxecto era moi complicado, se non hai proxecto áinda, hai un desiderátum que queremos poñer un parque eólico nunha zona que ten unhas coordenadas, e nos sobre eso opinamos e tan lícito é pensar eso, agora o que non se pode acusar ó noso grupo de que a nos danos igual que non haxa diñeiro, porque podemos chegar á perversión de cando veña un veciño a pedir que se lle amane un camiño, non vaillo pedir o Bloque que había 45000 euros e por culpa deles, eso e levar as cousas, non vale calquera cousa en política, polo tanto nos nesa ecuación de parque eólico con esa xeneración dunhos poucos diñeiros para nos e moitos para os outros, nesa ecuación non somos favorables, eu non dixen en ningún momento falei de radiacións do parque eólico, dixen que por unha cuestión meramente estética, o que non entendo é que reduzamos antenas e poñamos un eólico nada máis, e pode ser discutible eso, é a nosa opinión, e por certo, e a nosa opinión, e buscando en internet esta ferramenta tan grande, levei unha sorpresa e me encontró, que "El ayuntamiento de Ares quiere evitar que en su termino municipal se instalen mas aerogeneradores" claro quitei a noticia e vin que non era Ares de A Coruña, que era Ares de Levante, e que o Alcalde era do Partido Popular, non é unha interpretación ideoloxica, cada un mira polo que lle parece, aquí o debate non é cantos, é si nunha zona que é singular como é a zona da Bailadora eu digo que o que hai que facer e esto ou outra cousa, eu entendo unha contradicción, como por certo tamén e vou a rematar con eso cada un arrastrá con suas contradiccions, desde logo as nosas non son as de ter dito hoxe unha cousa e no ano 2005 outra diferente, e creo que o debate que tuvemos nos dous plenos do ano 2005 a posición do BNG non era única a respecto das cousas que estou falando eu aquí, polo tanto que áinda encima por coherencia se nos machaque, creo que canto menos deberíamos de ter o beneficio da dúbida, desde logo non somos nos os que vimos inventando nada absolutamente novo, polo tanto nos somos contrarios á concesión, porque non somos favorables, o digo con toda claridade nos non somos favorables ó Parque Eólico Singular na zona que se pretende instalar, nada mais así de claro, e nesa ecuación en términos do que é non soamente estética, senón do que é medio natural, defensa, nos pensamos que perdemos más do que gañamos, e unha opinión tan respetable como poden ser outras, e o argumento económico Sr. Alcalde a nos non nos vale porque eso é unha batalla política que o Concello de Ares e o resto dos concellos non estamos dando con valentía, e nos estamos agarrando a un ferro ardendo, de que cada vez que aparece algo que nos da diñeiro e despois pasa o que pasa, que co diñeiro polo medio pasa o que pasa e non quero pasar tamén de ahí, e desastroso que a imaxe que sae é que detrás do urbanismo hai centos de miles de cousas, neste tema concreto nos pensamos que o debate de fondo que hai a respecto do tema de financiamento que lle interesa a Ares, non se



vai a ver solventado nin en moito nin en pouco en absoluto co tema da instalación dun parque eólico, demos a batalla na FEGAMP demos a batalla os grupos políticos e consigamos que despois de 30 anos como viñemos aquí a celebrar que o tema do financiamento dos Concellos sexa un tema sin resolver, non é desde logo unha crítica ó Partido Socialista que está gobernando no goberno do Estado, nin moito menos, ata podo entender que incluso se deron pasos convirá vostede conmigo que non podemos matar as moscas a cañonazos e pensar que cun eólico que nos vai a dar 45.000 euros o Concello de Ares deixa de ter problemas, posto que os problemas do Concello de Ares son outros.

Interven o Sr. Alcalde-Presidente, manifestando que quere simplemente facer unha puntualización, o Grupo Socialista no ano 2005 votou a favor do Parque Eolico, pero como se quería unha xestión directa tiñase que facer unha comisión de estudio económica, e ahi por faltar o impacto ambiental, hai que ver o que se vota e vamos a velo.

Acto seguinte o Sr. Alcalde manifesta que este asunto tratose nas sesións do 28 de xaneiro ano 2005 e o 31 de outubro de 2005, en xaneiro o que vai a orde do día formulase a seguinte proposta: primeiro crease unha comisión informativa especial para o estudio e redacción da memoria necesaria para o exercicio este Concello de actividades económicas compostas do seguinte xeito, e efectivamente se fai a proposta e por suposto esto ten que pasar ó seguinte Pleno que é o do 28 de outubro de 2005, e no do 28 de outubro: "Toma en consideración da Memoria das actividades do Parque Eolico Singular" e o dia 28 de outubro "Iglesias Redondo manifesta que quere facer unhas preguntas co obxecto de clarificar o voto, ¿existe declaración de impacto ambiental?, ¿existe ainda que non este incorporada ó expediente? ¿a titularidade dos terreos esta dalgunha maneira concertada e hai algún tipo de convenio?, Iglesias Redondo pregunta ¿se despois a adxudicación ten que ir a algunha mesa de contratación para as adxudicacións onde vai estar representada a oposición neste caso o portavoz do PSOE?, Iglesias Redondo manifesta que no seu día o Pleno o Grupo Socialista votou a favor do Parque Eolico pero a día de hoxe existen uns puntos que non están claros de ahí que voten en contra, porque non coñecemos o impacto ambiental e as negociacion coa propietaria están sin culminar. Esta e a última acta que fixa a posición do Grupo Socialista. O Grupo Socialista está a favor do parque eólico en 31 de outubro cando viu definitivamente o proxecto este portavoz expresou o que esta na Acta, asi que por favor desde o público se leen todas as actas, e para falar se lle pide permiso ó Presidente da Corporación.

Interven o Sr. Rodríguez Doval, manfiestando que cree que nos fumos do tema da Orde do Día, e o que é pero a míni o que me molesta e que se deformo tanto a realidade, para non quere ver as cousas, e penoso que a un compañeiro que foi da Corporación hai catro meses que lle deras un recoñecemento e hoxe lle estes dicindo eso, eso é penoso dende o punto de vista humano. Eu non admito que ninguen me de leccións de coherencia, eu tampouco llas dou a ninguen. Hai un problema de coherencia, e xa sei que a política da moitas voltas pero falar aquí do que votamos na Constitución, creo que ven un pouco fora de tiesto, pero eu o asumo que votei en contra da Constitución, e a defendeo moito máis que outros que a votaron a favor, e unha forma de defendela era evitar o que acaba de pasar agora aquí, porque aquí ten falado outra xente.

O Sr. Alcalde di que chamandolle mentiroso ó Alcalde non. Eu o que non consinto e que o Grupo Socialista estaba en contra do Parque Eolico.

O Sr. Rodríguez Doval, di que votou en contra.

O Sr. Alcalde di que é mentira, que pediu un impacto ambiental que non existía e un convenio cos propietarios do terreo que non existía.



Interven o Portavoz do Grupo Popular Sr. Manuel Cendán Fernández, quen manifesta que o único que lle vai a dicir o portavoz do BNG, que di que cambiar a ubicación, non pode ser noutro lado, digamos a realidade, que non queremos porque tiñamos que renunciar a el, non hai outra alternativa en Ares, o Parque Eolico ten que ir en Montefaro. O que dicia e vou a seguir mantendo, se por parte dos portavoces teñen algunas dubidas como podo ter eu e o queremos posponer unha semana, o posponemos senon nos votaremos a favor.

O Sr. Alcalde di dirixindose o Sr. Rodríguez Doval, que o Parque Eolico e bo para San Catalina e para as Baterias, non se pode mirar para esas ruinas sen facer nada, e aquí nos garantizamos uns ingresos todos os anos para dignificar aquello, polo ti loiteches moito con o que me sorprende moito a túa postura. Non temos un peso para amañar os camiños, por alí hai que transitar, hai que abrir a senda costeira, unha base náutica hai mil proxectos para enriquecer ese entorno, e este ademais casa co que se intenta vender, e efectivamente compatibilidade e sostenibilidade, e vas por ahí pola Mancha e ó lado dos muiños de vento de toda a vida de don Quijote ves muiños eólicos e parques solares, e son unha rexión moi rica, esto é repartir riqueza.

Rematado o debate sometese a votación e o Pleno do Concello por 10 votos a favor (4 PSdG-PSOE, 5 PP e 1 NAL e dous votos en contra do Grupo Municipal do BNG, acorda prestarlle súa aprobación o Prego de Claúslas Administrativas que rexerá a contratación mediante concurso con procedimento abierto da contratación e explotación do P.E.S. do Concello de Ares.

PUNTO NÚM. 5.- RESOLUCIÓN ALEGACIÓNS “EXPROPIACIÓN TERREOS ANTEPROXECTO DE CONSTRUCCIÓN E EXPLOTACIÓN ACTUACIÓN DE SANEAMENTO NA ZONA NORTE DA RÍA DE ARES E NA ZONA SUR DA RÍA DE FERROL (clave 0H.315.478), PETICIÓN DE DECLARACIÓN DE URXENTE OCUPACIÓN.-

Dase conta do informe técnico redactado polo enxeñeiro Técnico Forestal D. Sergio Moirón Couceiro que seguidamente se transcribe:

**EXPROPIACIÓN DO ANTEPROXECTO DE CONSTRUCCIÓN E
EXPLOTACIÓN: ACTUACIÓN DE SANEAMENTO NA ZONA
NORTE DA RÍA DE ARES E NA ZONA SUR DA RÍA DE
FERROL.**

INFORME TÉCNICO



**ALEGACIÓNS PRESENTADAS NO PERÍODO DE INFORMACIÓN
PÚBLICA DA RELACIÓN DE TITULARES, BENS E DEREITOS
AFECTADOS POR MOR DAS EXPROPIACIÓNS DO SANEAMENTO NA
ZONA NORTE DA RÍA DE ARES E NA ZONA SUR DA RÍA DE FERROL**

Concello de Ares

Na fase de información pública do *"Anteproxecto do saneamento da zona norte da ría de Ares e zona sur da ría de Ferrol"* recollerónse as seguintes alegacións segundo indica a seguinte tabla:

Nº DE ORDE	ALEGACIÓN
11, 20, 25, 31, 39, 45, 46, 63, 81, 96, 112, 187, 207, 212, 213, 254, 327, 330, 331, 334, 335, 340, 342, 347, 348, 349, 353, 355, 363, 368, 369, 372, 375, 380, 390, 391, 400, 410, 411, 461, 462,	Desconformidade coa valoración ofrecida
25, 31, 39, 45, 53, 63, 65, 90, 112, 127, 164, 165, 183, 187, 254, 319, 324, 327, 330, 331, 338, 340, 342, 348, 349, 353, 355, 368, 369, 372, 375, 390, 400, 401, 411, 433, 455, 461, 462, 471,	Desconformidade co trazado
45, 51, 81, 84, 90, 105, 112, 122, 148, 173, 181, 199, 203, 208, 242, 253, 288, 291, 292 A, 294, 302, 308, 327, 330, 334, 335, 336, 342, 347, 348, 349, 362, 363, 391, 409, 410, 411, 419, 428, 461 A, 462, 468, 469, 470, 471, 503, 604, 607, 608, 650	Outras alegacións (lindes, titularidade, expropiacións adicionais etc)



Concello de Mugardos

Na fase de información pública do "Anteproxecto do saneamento da zoa norte da ría de Ares e zoa sur da ría de Ferrol" recollerónse as seguintes alegacións segundo indica a seguinte tabla:

Nº DE ORDE	ALEGACIÓN
-	Desconformidade coa valoración ofrecida
-	Desconformidade co trazado
9	Outras alegacións (lindes, titularidade, expropiacións adicionais etc)

Concello de Fene

Na fase de información pública do "Anteproxecto do saneamento da zoa norte da ría de Ares e zoa sur da ría de Ferrol" recollerónse as seguintes alegacións segundo indica a seguinte tabla:

Nº DE ORDE	ALEGACIÓN
5, 9, 10, 11, 22	Desconformidade coa valoración ofrecida
5, 7, 15, 22, 33, 35	Desconformidade co trazado
1, 2, 7, 9, 10, 11, 12, 13, 14, 15, 19, 20, 26, 27, 36	Outras alegacións (lindes, titularidade, expropiacións adicionais etc)

**INFORME SOBRE ALEGACIÓNES PRESENTADAS E DOCUMENTACIÓN
APORTADA Ó EXPEDIENTE. MODIFICACIÓNES REALIZADAS NA**



RELACIÓN DE BENS E DEREITOS AFECTADOS

Unha vez analizadas as alegacións formuladas polos titulares de bens e dereitos afectados, presentadas no periodo de información pública, manifestar que unha vez contratada a obra, por parte da construtora presentouse un trazado alternativo, trazado que foí ben visto pola Dirección das Obras e polo tanto por "Augas de Galicia".

E por iso, que este informe so recolle as alegacións concernentes a predios afectados polo trazado alternativo aprobado pola Dirección de Obra xa que as restantes quedan sen carga algunha, ao non ser expropiadas pola obra.

Concello de Ares

Predio nº 288

En relación á alegación presentada por **D Jaime fuertes Gamundi**, mediante a cal solicita que se subdivida a parcela actual nas 5 subparcelas nas que está divida o predio actualmente, ademais de que se lle recoñezcan todos os bens: Personados no terreo, verifícase sobor da existencia das 5 subaparcelas mencionadas, polo que se propón realizar a seguinte subdivisión:

Predio nº 288 a pro de Jaime Fuertes Gamundi, Rosario Fuertes Gamundi, M^a Paz Fuertes Gamundi, José Fuertes Gamundi y Alfredo Fuertes Gamundi coa seguinte relación de bens afectados: 62 m² de bodega.

Predio nº 288 A: M^a Paz Fuertes Gamundi coa seguinte relación de bens afectados: 520 m² de solo, 115 m² de pinar mediano, 12 ml de peche de postes de aceiro con arame galvanizado e 12 ml de seto vexetal.

Predio nº 288 B: José Fuertes Gamundi coa seguinte relación de bens



afectados: 2064,00 m² de solo, 84 ml de peche de postes de aceiro con arame galvanizado, 84 ml de seto vexetal e 7 Ud de pino mediano.

Predio nº 288 C: Alfredo Fuertes Gamundi con domicilio en Avda Grandal-Vilagoniga, 26 Serantes. 15405 Ferrol, coa seguinte relación de bens afectados: 2.064,00 m² de solo, 1.140 m² de pinar mediano, 128 ml de peche de postes de aceiro con arame galvanizado e 128 ml de seto vexetal.

Predio 288 D: Jaime Fuertes Gamundi con domicilio en Ingeniero Comerma, 38-40 4º Drcha. 15404 Ferrol, coa seguinte relación de bens afectados: 117 m² de solo, 1 Ud de traslado de piscina de 7,50 x 3,75, 1 Ud de pozo de auga, 8 ml de peche de postes de aceiro con arame galvanizado, 8 ml de seto vexetal e 10 Ud de arbusto ornamental

Predio nº 291

En relación á alegación presentada por **D Francisco Eytor Coira** (32.546.740-S), mediante a cal solicita que se inclúa no expediente a María Manuela Fernández Coira, xa que tamén é propietaria dunha parte do predio nº 291, proponse rectificar a titularidade a pro de D. Francisco Eytor Coira (32.546.740-S) e D^a María Manuela Fernández Coira (32.553.343-V).

Predio nº 292 A

En relación á alegación presentada por **D Manuel Arades Fernández**, mediante a cal solicita que se inclúa no expediente un predio ó seu nome próximo a batería de Camporaso, dicir que unha vez estudada a documentación aportada e constatada co catastro do 54 e actual, proponse incluir dentro do expediente o predio nº 292 A, a nome de Manuel Arades Fernández, con domicilio en Rua retorta, 1-3 3º Izq. 15404 Ferrol.

Predio nº 294

En relación á alegación presentada por **D Ciriaco Gómez Rebón** (32.606.035-



Q), mediante a cal solicita a titularidade do predio xa que a sua nai Antonia Rebón Cartelle falleceu e a devandita finca lle corresponde segundo título de subsanación, manifestación e adxudicación de herданza testada, polo que se propon rectificar a titularidade a pro de **D Ciriaco Gómez Rebón** (32.606.035-Q).

Predio nº 302

En relación á alegación presentada por **Dª Dolores Mayobre Rebón** (32.556.001-F), solicitando a titularidade do predio, dado que aportou escritura de propiedade, proponse rectificar a titularidade a pro de Dolores Mayobre Rebón (32.556.001-F) con domicilio en Chanteiro Ares.

Predio nº 503

En relación á alegación presentada por **D Andrés Fernández López (32.671.845-T)**, informar que en canto a solicitud de cambio de trazado, dicir, que esta é unha cuestión que lle atinxe directamente á Dirección Facultativa das Obras, polo que se lle fará traslado desta alegación a ese organismo.

Predio nº 604

En relación á alegación presentada por **Dª Dolores Mayobre Rebón (32.556.001-F)**, solicitando a titularidade do predio nº 604 que figuraba a descoñecido, para o cal aporta escritura de partición de herданza. Unha vez estudiada a documentación, proponse rectificar a titularidade a pro de Dolores Mayobre Rebón (NIF 32.556.001F).

Predio nº 607

En relación á alegación presentada por **D Juan Carlos Coira Rodríguez (32.623.838-V)**, solicitando a titularidade do predio nº 604 que figuraba a pro de



Dolores Rodríguez Vilar, xa que a devandita señora falleceu, proponse rectificar a titularidade a pro de Juan Carlos Coira Rodríguez con enderezo en Rúa María, 85 4º. 15624 Ares.

Predio nº 608

En relación á alegación presentada por **D Juan Carlos Coira Rodríguez (32.623.838-V)**, solicitando a titularidade do predio nº 608 que figuraba a pro de Dolores Rodríguez Vilar, xa que a devandita señora falleceu, proponse rectificar a titularidade a pro de Juan Carlos Coira Rodríguez con enderezo en Rúa María, 85 4º. 15624 Ares.

Predio nº 650

En relación á alegación presentada por **D Juan José Regueiro Peinado (32.633.701-J)**, solicitando a titularidade do predio nº 650 que figuraba a descoñecido, proponse rectificar a titularidade a pro de Juan José Regueiro Peinado (NIF 32.633.701-J) con enderezo en Rua real, 157 1º F. 15624 Ares.

Predios novos

Durante a investigación de campo, constatouse a necesidade de expropiar en Seselle dous predios, xa que no anteproxecto, os terreos para o paso da canalización asemellaban ser públicos. Constatando, que se trata de terreos privados por donde ten que pasar a tubería segundo o anteproxecto de contrucción, sen sufrir variación algunha de trazado, proponse incluir dentro do expediente de expropiación os seguintes predios:

Predio nº 506

Propiedade de Fernández Dopazo, José Luis cos seguintes bens afectados: 497 m² de prado.

Predio nº 507

Propiedade de Molíns de Sas, Camilo cos seguintes bens afectados: 159 m² de prado.



RESULTADO DAS ALEGACIÓNIS PRESENTADAS

A continuación, presentase un cadro resumo coas alegacións afectadas polo trazado novo e as propostas feitas por esta asistencia.

Nº FINCA	ALEGACIÓN	PROPOSTA
288	Segregación do predio	Estimada
291	Titularidade	Estimada
292 A	Titularidade	Estimada
294	Titularidade	Estimada
302	Titularidade	Estimada
503	Trazado	Dirección Obra
604	Titularidade	Estimada
607	Titularidade	Estimada
608	Titularidade	Estimada
650	Titularidade	Estimada

En Ares, maio de 2009

Asdo: Sergio Moirón Couceiro

Enxeñeiro Técnico Forestal"

Toma a palabra o Sr. Alcalde-Presidente, manifestando que para a execución das obras da EDAR hai que proceder a petición da Declaración da urgente ocupación para que a Empresa poida executalas e en consecuencia se continue coa expropiación.

Interven o Portavoz do Grupo Municipal do BNG, Sr. Rodríguez Doval,



manifestando que simplemente concretar como este tema xa veu en varias ocasións, precisar o noso voto favorable, neste procedimento na medida en que tal e como consta no expediente, efectivamente grande parte da batalla que aquí deramos pola corrección do trazado e pola afectación de fincas de carácter privado, esta corrixido por que en consecuencia da modificación do proxecto técnico orixinal vai a discurrir por vías de carácter público e en segundo lugar deixar constancia que se fai mención aquí a asunción e admisión a trámite dalgunhas das alegacións que viñan aquí en concreto, por problemas de propietarios que figuraban malas os datos ou pertenecían a outra xente, en calquera caso estamos nunha situación final onde se reduce o impacto e onde o final se asumen todas as alegacións presentadas polos particulares e so queda pedir que este proxecto se poida levar a cabo, ainda que é unha contradicción que estemos hoxe aquí pedindo a urxente ocupación cando as obras xa levan tres ou catro meses en marcha, pero a nos urxenos que este proxecto esté executado canto antes, e nese sentido polas razóns que me acabo de referir nos vamos a votar favorablemente ao punto da orde do día que se nos presenta hoxe aquí de Resolución das Alegacións.

Acto seguinte intervén o Sr. Portavoz do Partido Popular D. José Manuel Cendán Fernández, manifestando que unha obra tan importante como é o saneamento da Ría, que houbo inquietude por parte de bastantes veciños, se fixeron alegacións, tivemos varias reunions sobre este tema, o final se cambiou o proxecto, evidenciar que esto é o correcto paga a pena facer as cousas ben, e tratálas de negociar e chegar a un acordo e facer a tramitación administrativa para que por moito apurar moitas veces non chegamos a tempo, unhas demandas poden parar este proxecto anos, o que queremos todos é que esta obra se faga canto antes, vamos a votar favorablemente a esto.

O portavoz de NAL Sr. Luis Cendán Fernández, manifesta que a súa posición no voto vai a ser favorable.

Sometida a votación a proposta de Resolución das Alegacións, o Pleno do Concello acorda por unanimidade, prestar conformidade á proposta anteriormente transcrita, e conseguintemente estimando e desestimando as alegacións nos termos referidos no citado informe.

2º.- Reiterar novamente a Xunta de Galicia a Declaración de Urxente ocupación en base os motivos que figuran na memoria xutificativa da Alcaldía Presidencia de data 10 de novembro de 2008, xa solicitada na sesión plenaria de 20 de novembro de 2008.



CONTROL E FISCALIZACIÓN ORGANOS DE GOBIERNO.

PUNTO NÚM. 6.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DICTADAS POLA ALCALDÍA-PRESIDENCIA, DENDE A CELEBRACIÓN DA ANTERIOR SESIÓN ORDINARIA.-

– Toma a palabra o portavoz do Partido Popular D. José Manuel Cendán Fernández, manifestando que leva varios meses incidindo no mesmo, que hai unha gratificación a catro traballadores, o mes pasado 800 euros agora veñen 1200 euros, esto hai que acabalo, se hai unha punta de traballo hai que contratar xente, por riba estamos nunha crise económica, hai xente no paro que o está pasando mal, e nos que somos Administración Pública, gratificando a dous traballadores, con 1200 euros o mes, eso é un escándalo, estamos dando un mal exemplo, e non sei os Sindicatos, me parece un escándalo darlle unha gratificación a un traballador por mais do que gana, se hai punta de traballo contratar xente, estas cantidades que estamos falando da para contratar xente, estas prácticas desde as Administracións as temos que acabar en vez de ir a menos van a mais, e dicir que non estou en desacordo neso, que si hai unha emerxencia dun traballo, e hai que pagar unhas horas extraordinarias ou dar unha gratificación, pero esto habitualmente non estamos de acordo, o denunciamos e queremos que se incida en todo esto que é un mal exemplo nos momentos en que estamos.

Interven o Sr. Alcalde-Presidente, quen di que a do primeiro e Responsable, coordinador de protección civil por parte do Concello, que coordina a agrupación de voluntarios, e coordina todo o parque móvil de vehículos de protección civil, así como todos os dispositivos, con o que esto é a remuneración que lle corresponde por ser Coordinador de Protección Civil, porque así constaba no PEMU, nos no PEMU tivemos poñer un Coordinador, e ademáis esta nos presupostos, non son horas extraordinarias nin puntas de traballo nin nada, e o que se lle debe como Coordinador de Protección Civil.

O segundo é Coordinador, se eu teño un capataz de baixa e que efectivamente o que exerce de Capataz, se o teño de baixa algun ten que selo, entonces lle pago a el esa xefatura, el é coordinador e lle pago eses traballos de coordinación, porque entre outras razóns ten que facelos el porque o capataz está de baixa.

E con referencia os outros traballadores tratase de puntas de traballo en verán, os outros dous son unha serie de tardes, que tiveron que traballar porque en verán hai puntas de traballo, e eso sí aquí é compensación económica, por adicación ó emprego.

Interven o Sr. Luis Cendán Fernández, quen di que precisamente tamén quería falar porque me chamou poderosamente a atención esta Resolución e teño algunas dubidas, sobre todo por que no expediente ven mal informado, e como acabades de dicir eso non pode tramitarse así, e vou a dicir porque, en primeiro lugar a última gratificación que se lles da concretamente a estos catro traballadores, foi o vintepico de xullo, ten data concretamente do 21 de xullo, este tipo de gratificaciones a lei contempla que son casos excepcionais, que hai que xustificar e motivar moi ben motivado, porque son estes traballos fora das horas de traballo e ademáis se sabemos que este persoal, se lle están liquidando por parte do concello horas extraordinarias, este persoal percibe horas extraordinarias e ademáis se lle da unha gratificación desta contia, polo tanto sabes que a lei contempla que hai que motivalo ben no expediente non ven, outra das cousas que me chama tamén a atención e que esta Resolución non ven numerada como veñen as outras, e ademáis a parte do informe que fai o Sr. Secretario pero como Interventor sabes que estas gratificaciones teñen que ter e así o reflexa a lei, teñen que ter primeiro partida presupuestaria, entonces non sabemos se dispon de crédito se se fixa a



modificación pertinente, pero aparte de todo esto penso que esta mal redactada a Resolución, porque para nada fala de persoal laboral, senón que esta falando de persoal funcionario, creo que as catro persoas que veñen aquí referenciadas, son persoal laboral, e non persoal funcionario, este tipo de gratificacións a parte das horas extraordinarias máis que outro tipo de matices que se podían desprender, de todo esto e doutras cuestións, estas practicas o que van a facer a parte dos agravios, é unha desconsideración con respecto a outros traballadores, do Concello que tan eficientemente están traballando e creo que sentar estos precedentes non é bo, se ben a persoa que se lle van a dar 300 euros por a responsabilidade de protección civil, e que están en presuposto entendo que hai outros mecanismos para liquidar esta contía ó traballador, non sucesivo xa non polo ben do Concello senón polo seu, porque este tipo de agravios se deberían tratar de evitar. E con respecto as contías do outro persoal eu sei polo menos non o sei a ciencia certa, pero o persoal que facia horas extras se lle viñan liquidando, polo tanto esto é a parte ademáis das horas extraordinarias que este persoal realiza, polo tanto Sr. Alcalde como dí a propia lei que establece esto é unha cousa excepcional e hai que tratar de regulalo porque podemos encontrar con certas demandas, e aparte esta o tema do resto do persoal que seguramente comenta e esta cabreado, polo tanto Sr. Alcalde o dito.

O Sr. Alcalde resposta que hai que facer unha RPT, e a RPT existe unha proposta que non é do equipo de Goberno, é unha proposta dunha empresa que redactou a RPT, e en consecuencia vamos a vela entre todos os grupos, porque non é a proposta do grupo socialista, e o traballo que fixo unha empresa, o grupo socialista non comparte efectivamente todos os extremos desta RPT, nesa RPT se aplican uns ítems en función dun cuestionario os traballadores e eso determina uns números, pero logo efectivamente os qu estamoas aquí sabemos o que hai, vai a empezar o debate da RPT. Estas remuneracións xa dixen que teñen explicacións son sempre o mesmo persoal que é o persoal da rúa, no persoal da rúa temos a 6 persoas e duas ou tres de baixa, nos quedan catro, que teñen que facer todo antonte as doce e media da noite se rompe unha arqueta na Rúa San Xosé eu me entero porque estaba chegando á casa, chamo por teléfono e alí están sempre os mesmos, entonces un é o coordinador de protección civil que fai todos os dispositivos e operativos, e traballa sábados, domingos, festivos, o que fai ese home non hai quen o pague, e u otro home se hai un capataz que non está, algúen terá efectivamente que supervisar, e se lle paga a diferencia, e os outros dous, se lles deron 300 euros porque o verán foi horrible, e son os que sempre están, de sete, tres de baixa, e quedan sempre catro e hai que barrer todo o pobo, e efectivamente 300 euros nunhos soldos que non chegan os mil, son mil euristas, non é darrle unha gratificación a quien cobra mil douscentos euros, e darrle 300 euros a quien non chega nin a mil, estes traballadores nin coa gratificación dos trescentos euros, se poñen ó nivel dun auxiliar administrativo, porque esa xente esta moi mal pagada e fai un traballo moi difícil e o peor, que é traballadr na rua, atendo as necesidades dos veciños que queren todo para xa, e se teñen que quedarse ata as cinco e media se quedan, a situación é así de sencilla, a RPT ten que dignificalos, cando eses señores cobren un salario digno non haberá que darrles ningunha gratificación, calquer auxiliar administrativo do Concello cobra máis que eles, hai que facer un equilibrio de escalafóns equiparando o persoal da nave ó persoal do Concello.

O Concello Pleno dase por enterado.

Punto núm. 7 MOCIONS E PROPOSTAS.-

MOCIÓN AO PLENO SOBRE MEDIDAS PARA MELLORAR O FINANCIAMENTO DOS CONCELLOS

Intervén o Alcalde-Presidente: "Pasamos a este punto e tendo en conta que asumimos en xunta de voceiros que se farían exposicións escuetas, sen necesidade de leer o texto íntegro, a toma de posición e en consecuencia a votación. A primeira Moción é sobre Medidas para mellorar a financiación dos Concellos e a presenta o BNG.



Dase conta da Moción do Grupo Municipal do BNG sobre Medidas para Mellora o Financiamento dos Concellos, do seguinte teor literal

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A crise económica está a supoñer unha forte redución de ingresos por parte das administracións públicas. Nos concellos, esta merma provoca un grave deterioro financeiro, o que sumado ao estrutural raquitismo do financiamento local, provoca tamén situacións próximas á bancarrota en moitos concellos. Polo tanto, compre adoptar medidas, tanto de carácter mais urgente e conxuntural como outras de carácter estrutural de cara a garantir unha estabilidade orzamentaria nos concellos que lles permita prestar de xeito eficaz os servizos que lle son encomendados.

Doutra banda, a Xunta de Galiza ten feito mención a unha redución do capítulo de impostos indirectos e de taxas e prezos, como consecuencia da actual situación de grave crise económica. Dende o BNG consideramos que tal redución non debe afectar aos ingresos que reciben os concellos mediante o Fondo de Cooperación Local, polo que é necesario garantir que este ano os concellos reciban as cantidades previstas a tal efecto,

No mesmo sentido, é prioritario que o Goberno do Estado elabore un Plan que, ante a forte redución de ingresos públicos provocados pola crise, se garanta o gasto corrente aos concellos, e no suposto de liquidacións negativas na Participación de Ingresos do Estado que se aplique unha moratoria.

Por último, con respecto ao modelo de financiamento local, os concellos galegos, que representan aproximadamente o 6,5 % da poboación do Estado español, reciben un 5,27% da participación nos ingresos do Estado. Mientras os concellos de Galiza reciben 176,54 euros por habitante, a media no conxunto do Estado recibe 221,07 euros. Así, queda patente que o financiamento dos concellos desde o Estado é insuficiente e inxusto: so ten en conta a poboación (75%) e o esforzo fiscal (25%) e non ten en conta que os custos dos servizos en Galiza son máis altos que no resto do Estado pola dispersión poboacional e o avellentamento da poboación. Neste sentido compre recordar que Galiza conta coa metade dos núcleos de poboación do Estado: 36.000; e que a dispersión encarece os custos da prestación dos servizos.

Polo tanto, con carácter estrutural, é necesario reformar o financiamento local e incrementar a contía da participación nos ingresos do Estado. Así, demandamos a integración plena da transferencia da participación nos ingresos do Estado nos orzamentos da Xunta de Galiza, e esta transferencia deberá ter en conta o maior custo dos servizos en Galiza, derivado da dispersión dos núcleos e do envellecemento da poboación.

Por todo isto, o BNG proponlle ao Pleno da Corporación municipal de Ares a adopción dos seguintes

ACORDOS



Instar á Xunta de Galiza a:

- 1.- Garantir para o 2009 as cantidades previstas para os Concellos a través do Fondo de Cooperación Local e non recortar a dotación do Fondo de Cooperación Local para o ano 2010.**
- 2.- A que demande do Goberno do Estado que elabore un Plan que garanta o gasto corrente aos concellos e un sistema de moratorias no suposto de liquidacións negativas das cantidades recibidas da participación de Ingresos do Estado.**
- 3.- A que demande d Goberno do Estado a reforma urgente do financiamento local, de maneira que o novo modelo incremente a contía da participación nos ingresos do Estado, e dita participación dos concellos galegos se integre plenamente nos orzamentos da Xunta de Galiza. Así mesmo, demandarase que o novo modelo teña en conta o maior custo dos servizos de Galiza, derivado da dispersión dos núcleos e do envellecemento da poboación.**
- 4.- Dar conta deste acordó ao Goberno da Xunta de Galiza e aos grupos parlamentarios do Parlamento de Galiza.”**

Ten a palabra o voceiro do BNG Sr. Rodríguez Doval: “Vou comezar por unha parte do debate que dábamos antes e creo que é bastante evidente que os membros das corporacións estamos preocupados polo financiamento das entidades locais e estamos preocupados moi singularmente polos efectos que esta crise pode ter na toma de decisións que afecten a ese financiamento. O que é evidente é que a respecto dos instrumentos de cooperación local, nomeadamente o fondo de cooperación local que mantén a Comunidade Autónoma e os ingresos do Estado pois hai un debate histórico a respecto da necesidade dun maior financiamento por parte das institucións supramunicipais e sobre todo pola procura dunha fórmula para que en casos como o galego (como xa sustentou a FEGAMP) pois que poda solicitarlle ao Estado que teña en conta a variable da dispersión da poboación e o avellentamento da poboación que dan lugar á realidade galega que é distinta do resto do Estado. Todos saben que Galicia recibe unha media de 176 € por habitante e o resto do Estado 221 € por habitante da participación dos fondos do Estado. O contido da Moción pretende ser unha reiteración de algo que xa está moi falado, 1º que a Xunta garanta no fondo de cooperación local, que non haxa recortes e mellor que haxa máis e outro punto, o punto 3º que sería a urgente reforma do financiamento local e tendo en conta a dispersión de núcleos de poboación e o avellentamento da poboación. Creemos que estas liñas son as liñas da nosa proposta e é o momento xa que tamén está a debate na Xunta e no Estado e o que se pretende é recordar e posicionarnos en que seguimos preocupados para que o financiamento dos Concellos non esté suxeito a instrumentos temporais e pouco solidarios para o conxunto dos concellos.”

Toma a palabra o voceiro do Partido Popular: “Nós estamos de acordo coa Moción, queremos fazer unha transacción se está de acordo o voceiro do BNG e queremos incrementar a Moción para que o goberno do Estado remita ao Congreso o Proxecto de Lei do Goberno Local que defina o marco competencial e a financiación local que responda aos principios de autonomía e suficiencia das entidades locais, e se poñan a funcionar.”

Toma a palabra o voceiro do BNG: “Aquí non estaba explicitado pero o punto 3 é iso, en



todo caso nós manteríamolo e meteríalo ahí e é importante o acordo da FEGAMP por unanimidade e o tema da dispersión dos núcleos (en Galicia temos más da metade do estado español) e a poboación emvellecida xogan contra nós. E colocar servizos aquí é máis costoso. Somos favorables a que se integre esa emenda.”

Intervén o voceiro do NAL:”Simplemente por situar o voto, decir que o meu voto vai ser favorable, os datos que se desprenden aquí, xa noutras ocasións se falaron, o tema da financiación dos concellos e é unha evidencia que temos ahí e o noso voto vai ser favorable.”

Acto seguido procedese á votación, Moción ao Pleno sobre medidas para mellorar o finanaciamento dos Concellos e o Concello Pleno por unanimidade acorda prestarlle a súa aprobación.

B) MOCIÓN DO BNG SOBRE SITUACIÓN DO SERVICIO DE PEDIATRÍA NO CENTRO DE SAÚDE.

Dase conta da Moción do Grupo Municipal do BNG sobre o servicio de pediatría no Centro de Saúde, do seguinte teor literal:

“Desde hai varios meses venen rexistrándose reiterados problemas no funcionamento do servizo de pediatría que se desenvolve no Centro de Saúde de Ares, nomeadamente no tocante á estabilidade do servizo, horario de consulta e, en definitiva, na calidade da prestación as persoas usuarias, neste caso as nenas e nenos do noso concello.

Hai que lembrar aquí que tradicionalmente o servizo viña prestándose mancomunadamente co concello de Mugardos, cunha periodicidade diaria e un horario de dúas horas ao día; que permitía unha certa programación de citas, ao marxe da atención dos casos urxentes.

Sen embargo, como dixemos, nos últimos meses asistimos a unha situación que ten levado na práctica á merma dos servizos que tradicionalmente se prestaban, tanto en cantidade como en calidade: reducción dos horarios de consulta, cambio de profisionais, etc...; provocando notábeis perxuzos nunha poboación que ademáis é especialmente vulnerábel, como o é a poboación infantil.

Á vista desta situación, desde o Grupo Municipal do BNG solicitamos do concello de Ares a adopción do seguinte

A C O R D O

O Pleno do Concello de Ares acorda demandar do SERGAS-



Consellaría de Sanidade que, á máxima urxencia, proceda a tomar as medidas para normalizar o servizo de pediatría que se presta no Centro de Saúde de Ares, garantindo a estabilidade e periodicidade do mesmo para a completa atención as nenas e nenos do concello.

Toma a palabra Dna Belén Abeal Pérez, do BNG: "Penso que todos sabemos como se atopa este servizo neste Concello e esabendo que este servizo é moi utilizado e se trata de nenos con moitas revisións e este servizo xa sempre sufriu carencias pero no mellor dos casos só tiña dous horas ao día nas cales compartía pediatra con Mugardos e nunca comezaba á mesma hora, por mor das urgencias en Mugardos, e retrasaba. Fai uns meses nos quedamos sen pediatra pasando días enteros así, noutros casos viñan sustitutos, noutros días non sabíamos. Ca problemática que conleva todo esto para os nenos, incluso nos últimos dais de xullo recolléreronse sinaturas por parte de pais e no pleno de xullo o BNG xa fixo un rogo ao Pleno para que se fixeran as xestións oportunas para zanxar o problema e vendo que continúa e pode agravarse e o resultados desta irresponsabilidade política en Sanidade leva a que os

nenos/as de Ares entre 0 e 14 anos e os seus pais e nais por engadido véxanse privados dunha necesidade básica como a súa saúde e tendo que acudir aos servizos privados polo mal funcionamento do público e o peor, que se non podes ir ao privado quedas sen este servizo.

Neste sentido entendemos que cumpre unha actitude firme e clara por parte da Corporación para a defensa dun derecho básico e dos compromisos adquiridos pola cidadanía deste Concello polo que vamos instar este acordo:

1º.- Demandar do SERGAS e da Consellería de Sanidade para que á máxima urxencia se tomen as medidas para normalizar o servizo de pediatría de Ares e garantindo estabilidade e periodicidade do mesmo. Esto é o que se pide e xa rematei.

Toma a palabra o Alcalde-Presidente: "Quedamos en xunta de voceiros en que había que limitarse a unha exposición que falara do acordo, porque as vimos en xunta de voceiros, e o acordamos. Estou tentando que non se perda o tempo máis. Hai un acordo en xunta de voceiros que se limita a ver eso e por favor, pido que se cumpla.

Intervén o Voceiro do Partido Popular Sr. D. José Manuel Cendán Fernández, "Quería explicar este punto, estamos de acordo, eu falei co responsable do SERGAS de Ares e de Ferrol e a situación creada é que antes había unha persoa compartida con Mugardos e agora hai unha persoa pero hai tres mulleres de baixa por maternidade e co tema da gripe A non queren traballar, porque hai risco e esa é a realidade, mandan sustitutas, e hai tres pediatras de baixa por maternidade que non queren traballar pola gripe A, é algo transitorio e estamos de acordo en que si o servizo é deficiente esixir unha pediatra para Ares e non depender de outros. Unha persoa aquí exclusiva durante toda a xornada e eso é o que hai. Nos vamos abster"

Intervén o Voceiro do NAL Sr. Luis Cendán Fernández: "Nós o que sexa mellorar servizos, o vamos apoiar. O tema da pediatra non é de dous meses, ven de anos, sempre houbo queixas e todo o que vaia en mellorar servizos que é a saúde dos nenos, todo o que incida ahí o vamos apoiar. O meu voto vai ser favorable á Moción."

Sometido o asunto a votación o Pleno do Concello por 7 votos a favor 4 PSdG-PSOE e 2 BNG e 1 NAL) e 5 abstencións do Grupo Municipal do Partido Popular, acorda presta-la



súa aprobación a Moción anteriormente transcrita.

C) MOCIÓN RELATIVO AO COMPLETO DESENVOLVEMENTO DA LEI 11/2007 PARA A PREVENCIÓN E TRATAMIENTO INTEGRAL DA VIOLENCIA DE XÉNERO.

Dada conta da Moción do Grupo Municipal do BNG do seguinte teor literal:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A violencia de xénero constitúe unha vulneración dos dereitos fundamentais das mulleres. É a manifestación más clara da desigualdade, un indicador de que queda moito traballo para erradicar a discriminación e subordinación das mulleres e acadar unha sociedade igualitaria.

Nos últimos anos téñense dado pasos relevantes a nivel legal, superando unha visión que reducía o problema ao ámbito privado e asumindo que a bita contra a violencia de xénero é un problema de primeira orde e que na súa erradicación deben implicarse o conxunto de poderes públicos e a sociedade.

A nivel galego, na pasada lexislatura, deuse un paso importante coa aprobación dunha lei específica para a prevención e tratamiento integral da violencia de xénero. Unha lei que, por primeira vez, considera a violencia de xénero desde unha perspectiva integral, recoñece dereitos para as mulleres que viven unha situación de violencia no ámbito económico e social e articula toda unha serie de obligas para as administracións públicas tanto no ámbito preventivo, como no formativo e na asistencia as vítimas. Mais hai outro cambio relevante que introduce esta norma, a apertura dos recursos sociais a todas as mulleres con independencia de que contan cunha orde de protección ou non. Unha medida necesaria que vai na dirección de incrementar os resortes institucionais de apoio as mulleres. A aprobación desta lei supuxo paralelamente o incremento dos recursos destinados na Caliza a bita contra a violencia de xénero.

A Secretaría Xeral de Igualdade, cumprindo cun mandato establecido na lei, informou ao Parlamento Galego do grao de desenvolvemento das previsións contidas neste texto legal, así como daqueles aspectos que restaban poner en marcha para completar o desenvolvemento da mesma, non obstante, o novo goberno da Xunta, non parece ter interese en por en funcionamento eses instrumentos lexislativos, considerando prescindíbeis e superfluas as accións tendentes á erradicación da violencia de xénero.

A Lei prevé a creación do Observatorio Galego da Violencia de Xénero, un órganio institucional da Xunta de Galicia que ten por obxecto encargarse do estudo, avaliación e seguimento das políticas de violencia de xénero. Unha medida importante a fin de contar con organismos e persoal especializado que permita facer unha análise sostida no tempo sobre a efectividade das medidas tomadas neste terreo e, consecuentemente, mellorar a eficacia das políticas e recursos que se dedican a esta finalidade. No informe elaborado a finais de 2008 pola Secretaría Xeral de Igualdade sobre o desenvolvemento da Lei 11/2007, consta a existencia dun borrador de decreto no que se estaba traballando a fin de poder cumplir con este



mandato legal.

Estes e outros aspectos do texto legal quedan áinda por desenvolver, así como outras medidas que é necesario que se continúen impulsando para que teñan eficacia, como son as relacionadas coa sensibilización social ou a formación de todas e todos os profesionais en ámbitos relacionados, directa ou indirectamente, contra a violencia de xénero. Un silencio que nos preocupa, pois a erradicación da violencia contra as mulleres debe ser unha prioridade de calquera gobernó, que ten que materializarse na mobilización de recursos e no cumprimento das disposicións vixentes nesta materia.

Por todo isto, propónemoslle ao Pleno da Corporación de Ares a adopción do seguinte

ACORDO:

1.- Instar á Xunta de Galiza a que realice unha planificación para a efectividade das previsións contidas na Lei 11/2007 que estaban pendentes de desenvolvemento; en concreto, a creación do Observatorio Galego da Violencia de Xénero e a posta en marcha do Centro de Recuperación Integral, realizar campañas periódicas de sensibilización contra a violencia de xénero, a formación da totalidade das e dos profesionais, e garantir o dereito á atención psicoloxíca no ámbito sanitario público tamén recollido na lei.

2.- Dar traslado deste acordó ao presidente da Xunta de Galiza, así como aos grupos parlamentarios do Parlamento de Galiza.”

Intervén a Voceira do BNG Sra. Abeal Pérez: “Como xa diseche e para o seguimento da Lei 11/2007 de Prevención de tratamiento integral da violencia de xénero na que quedan cousas por facer, dende logo non vemos moito movemento na Xunta actual para que esto se continúe, o silencio deste novo goberno nos preocupa porque pensamos que a erradicación da violencia contra as mulleres debe ser unha prioridade para calquer goberno e ten que seguir materializándose esta lei. É o que pedimos nesta Moción. Si queredes leo o acordo, é 1º linstar á Xunta para que realice unha planificación para efectividade das previsións contidas desta lei tendentes de desenvolvemento, en concreto a creación dun observatorio galego de violencia de xénero, posta en marcha do centro de recuperación integral, realizar campañas periódicas de sensibilización, a formación de profesionais e garantir o dereito da atención psicoloxíca no ámbito sanitario público recollida na lei. 2º Dar traslado do presente acordo ao Presidente da Xunta de Galicia e aos grupos parlamentarios da Xunta.”

Intervén o voceiro do Partido Popular Sr. José Manuel Cendán Fernández, “Estamos de acordo e sí deixar claro á voceira desta Moción que a Lei 11/2007 foi aprobada por unanimidade por tódalas forzas políticas.”

Toma a palabra o voceiro do NAL Sr. Luis Cendán Fernández: ” O meu voto vai ser favorable pero decir desgraciadamente que esto non é unha cuestión do goberno da Xnuta, penso eu, que esto pasa en todo o ámbito nacional, todo o que se lexisle é pouco e o noso voto vai ser favorable. Pero decir que esto ven da Xunta, pois creo que desgraciadamente estas medidas son positivas e haberá que facer máis e todo o que se aporte será positivo, e esto ten



moito trasfondo e polo tanto todo o que se acorde en tratar de erradicar esta lacra pois porque tódolos dás a estamos padecendo.

Sometida a votación a Moción anteriormente transcrita o Concello Pleno por unanimidade acorda prestarlle a súa aprobación.

D) MOCIÓN AO PLENO DO CONCELLO DE ARES SOBRE OS CRITERIOS DE ELABORACIÓN DO FONDO ESTATAL DE INVESTIMENTOS LOCÁIS PARA 2010.

Dase conta da moción do Grupo Municipal do BNG, do seguinte teor literal:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No debate sobre o situación do Estado, o presidente do Goberno anunciou que os Orzamentos Xerais do Estado para o próximo ano 2010 contemplarán un novo Fondo de Investimento Local dotado de 5.000 millóns de euros, dedicado a investimentos en proxectos de sustentabilidade ambiental, tecnolóxicos e de investimento para centros sociais, especialmente relacionados coa dependencia. O novo decreto sobre este Fondo estaría aprobado en outubro de maneira que os concellos pederán acollerse a este fondo a partir do 1 de xaneiro de 2010.

Preocúpanlle aos concellos galegos cales van ser os criterios a seguir á hora de repartir os recursos do novo Fondo Local, dado o precedente do actual, no que se utilizou a poboacion total como única variábel para establecer a asignación orzamentaria a cada concello. Dende o BNG consideramos que o Goberno do Estado debe ter presente outros factores que inflúen na variábel de poboacion, como son a dispersión xeográfica, a implantación actual das novas tecnoloxías, ou a poboacion maior de 65 anos.

A distribución da poboacion no territorio galego caracterízase precisamente pola súa elevada dispersión, con poboacións concentradas en pequeños núcleos poboacionais que complican e fan más custosos os servizos públicos a ofrecer aos seus vecinos e vecinas. Circunstancia que obriga aos concellos galegos a realizar investimentos superiores aos que se realizan en territorios onde a poboacion se concentra en grandes núcleos de poboacion. O feito de contar cun gran número de núcleos de poboacion obriga a un maior número de investimentos, xa que



logo, os recursos que se asignen a cada concello deberán asignarse tendo en conta tamén esta realidade.

O novo Fondo Local anunciado dedicarase a investimentos en proxectos de sustentabilidade ambiental e tecnolóxicos. Polo tanto, o grao de introdución das novas tecnoloxías deberá ser unha variábel a ter en conta na distribución dos fondos.

De igual modo, o avellementamento da poboacion debe ser outro dos factores a ter en conta á hora de ponderar a variábel de poboacion, en especial cando unha das finalidades do Fondo Local son os investimentos en centros sociais, sobre todo os relacionados coa dependencia. Galiza posúe unha alta porcentaxe de poboacion avelantada que tamén aumenta os gastos en servizos públicos de asistencia ás persoas maiores. Por iso é polo que tamén se debe ponderar o seu peso na variábel de poboación.

Por todo isto, propoñémoslle ao Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO:

1.- Instar á Xunta de Galiza a que demande do Goberno do Estado que, á hora de distribuir o novo Fondo Estatal de Investimento Local para o ano 2010, se introduzcan cmo criterios de reparto nos concellos a dispersión e o avellementamento da poboación, así como a introducción actual das novas tecnoloxías.

2.- Dar traslado deste acordó ao presidente da Xunta de Galiza, así como aos grupos parlamentarios do Parlamento de Galiza.

3.- Garantir a participación de todos os grupos municipais na definición das obras a incluir polo Concello de Ares dentro do FEIL para o ano 2010.

4.- Verificar o cumprimento do estipulado no RD (pontos 2 e 3) no relativo á consideración da situación de desempregadas/os como preferente para a contratación das obras.”

Ten a palabra o voceiro do BNG Sr. Rodríguez Doval : “Sintéticamente o único que se pide nesta proposta ten que ver co que xa aprobamos na Moción que antes defendín sobre



financiamento dos Concellos, que era o cambio de criterios de reparto, tan importante é repartir como repartir ben e apostamos porque o tema da dispersión e o avelantamento da poboación sexan criterios a engadir á hora do reparto e logo engair dous puntos a maiores referidos ao desenvolvemento deste novo plan publicsado no BOE do día 27, que se refire por unha banda que debe de articularse a través de todos os grupos do Concello para a inclusión e definición da obras e logo tamén un seguimento exhaustivo de que por parte das empresas adxudicatarias se cumpra o referente á consideración de desempregados/as para contratación, hai un punto que pondera que os contratos vaian a empresas que contratán a parados de longa duración; os datos da comarca doutros concellos é que esto non se está cumplindo, e debemos ser vixiente, xa que a parte de realizar obras temos que incidir na creación de emprego e temos que ser vixientes de que se cumpla e se pondere a favor das empresas que o fagan."

Toma a palabra o voceiro do P.P. Sr. D. José Manuel Cendán Fernández, "Coincidimos cos catro puntos do acordo e está claro que temos que pedir que o goberno do estado que aplique tres mil millóns de euros do anunciado FEIL para gastos ordinarios das corporacións locais que permitan o pago de débedas pendentes e a prestación de servizos públicos aso cidadáns.

Intervén o Alcalde-Presidente: "Tres mil euros máis ou dentro dos cinco mil euros, case o 60 % para gasto corrente este é diñeiro para crear emprego, se pides 3.000 más a maiores eu entendo, pero si adicamos a gastos o 60 % non creamos emprego."

Toma a palabra o voceiro do P.P. Sr. José Manuel Cendán Fernández, "A débeda é o que máis nos acucia, adicar a gasto corrente e a traballar a débeda era o que tiñamos que facer. Facer obras e incrementar os gastos, agora nós coas obras do Fondo Estatal 2009 e vamos poñeren funcionamento casa da xuventude, de servicios sociais, campos de fútbol, vamos incrementar os gastos e os ingresos son menos e temos que baixar a débeda e pagar todo esto, e nos vamos asфиксiar máis, nos dan obras e nós vamos ahí, mantemento e gastos e ao final nos vamos afundir máis."

Toma a palabra o voceiro do NAL Sr. Luis Cendán Fernández: "O meu voto é favorable e creo que o punto 1º, o Real Decreto xa está aprobado e está en aplicación e penso que por moito que acordemos aquí, o vemos nos medios de comunicación, polo tanto opunto 1º entendo que si xa está aprobado o RD pouco podemos facer estando a 2 ou 3 meses desto. En definitiva estamos de acordo e en canto ao número 3 decir que sí, me gustaría como voceiro dun grupo ter a oportunidade en canto as obras a incluir e con respecto á porcentaxe de tratar de paliar o gasto corrente xa ven reflexado no RD e este ano debería poñerse o máximo do que nos obrigase o RD a gasto corrente e como a proposta que nos fixo o Alcalde o outro día, da negociación de tratar de erradicar a débeda que se vai xerar e que se vai seguir serrando.

Toma a palabra o voceiro do BNG Sr. Rodríguez Doval: "Entre a redacción da Moción e a aprobación do RD media un tempo e pensamos que hai que manter esta reivindicación e simplemente unha aclaración, según a documentación oficial o que pide o voceiro do PP ao Concello de Ares xa está recollido no RD, a Ares lle corresponden 614.266 € dos cales 122.853 € como máximo se poden adicar a gasto corrente e xa está contemplado. Outra cousa sería pedir 3.000.000 más pero esto xa está aprobado, e o máximo son 122.000 € de gasto corrente."

Toma a palabra o Alcalde-Presidente: "É o 20 % de 5.000.000 e se adicas case todo a gasto corrente non creas emprego.

Sometida a votación a Moción anteriormente transcrita o Concello por unanimidade acorda prestarlle a súa aprobación.



e) **MOCION DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR PARA A CONXELACIÓN DE TAXAS E IMPOSTOS MUNICIPAIS CARA O PROXIMO PRESUPOSTO DE 2010.**

Dase conta do Moción do Grupo Municipia do P.P. do seguinte teor literal:

MOCIÓN DEL GRUPO MUNICIPAL POPULAR PARA LA CONGELACIÓN DE TASAS E IMPUESTOS MUNICIPALES DE CARA AL PRÓXIMO PRESUPUESTO DEL 2010.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

La subida de impuestos anunciada por el Gobierno Central supone un importante lastre para la economía de todos los ciudadanos, especialmente para los ciudadanos con rentas medias y bajas.

La anunciada subida del IVA en 2 puntos conlleva una importante pérdida de poder adquisitivo de los ciudadanos que dificultará aún más si cabe, la supervivencia de los autónomos, de los establecimientos de hostelería, del pequeño comercio y de las pequeñas y medianas empresas. La repercusión de ésta subida lineal del IVA en los ciudadanos supondrá por ejemplo un incremento de 400 € en la compra de un vehículo y una subida de 2.000 € en la adquisición de una vivienda.

Ésta medida grava la ya castigada economía de las clases trabajadoras en un momento de grave crisis económica, originada por la falta de planificación del Gobierno Zapatero, y repercutirá directamente en la creación de puestos de trabajo y, en consecuencia, será un motivo más por el que España será el último país en iniciar el despegue económico, tal y como indican todos los organismos internacionales.

La disminución de las transferencias del Estado y de la recaudación de las administraciones locales, originada por el descenso de la actividad económica, requiere la adopción de medidas urgentes para que la crisis económica no derive en una crisis social.

Por todo lo anteriormente expuesto, se somete al Pleno del Ayuntamiento la siguiente:

MOCIÓN

1.- La congelación de los Impuestos y Tasas Municipales en el



próximo año 2010.

2.- El impulso de un Plan de Austeridad para eliminar gastos superfluos asegurar las inversiones y el gasto social.”

Ten a palabra o voceiro do Partido Popular SR. D. José Manuel Cendán Fernández: “Sabemos a situación económica do país, e nós en solidariedade e como están facendo outras corporacións e como temos inflación negativa -1, en Galicia, -1'5 e o que podemos fazer de cara ao vindeiro orzamento é a conxelación das taxas e impulsar un plan de austeridade para baixar os gastos e poder asegurar inversiones e gasto social no futuro. Evitar subidas de taxas e impostos.”

Intervén o voceiro do NAL Sr. Luis Cendán Fernández: “A favor”

O Voceiro do BNG SR. Rodríguez Doval: “Nós propomos unha engádega coherente co que levamos dicindo dende hai anos e non só conxelalas senón que se revisen algunas e me teño referido aquí a moitas que son inxustas como instalación de elementos de modificación nalgúns vivendas e que se conxelen e quede un compromiso de revisar o contido dalgúns taxas inxustas.”

Toma a palabra o Alcalde-Presidente: “A Votamos con esta aportación.”

Sometida a votación a Moción o Concello Pleno por unanimidade acorda prestarlle a súa aprobación..

F) MOCIÓN DO PP PARA A ELABORACIÓN E POSTA EN MARCHA DUN PLAN MUNICIPAL DE CONTINXENCIA FRONTE Á GRIPE A.

Dase conta da Moición do Grupo Municipal do P.P. so seguinte teor literal:

As distintas administración están adoptando unha serie de medidas preventivas ante a pandemia de gripe A (N1H1) e a posible afectación dunha parte importante da poboación, encamiñadas a mitigar a transmisión da enfermidade e dar resposta ao eventual impacto que puidera darse sobre o mantemento dos servizos básicos á poboación, e polo tanto sobre a actividade económica e social.

A anticipación coa que deben adoptarse este tipo de medidas, a proximidade dos meses en que se estima unha maior incidencia na poboación e a proximidade co cidadán que ten a administración local, fai que os concellos deban adoptar todas as medidas informativas e preventivas ao alcance da súa man.

Dentro do marco da coordinación e colaboración institucional, a Consellería de Sanidade e a FEGAMP estableceron recentemente un acordó, polo que os concellos colaborarán na loita



contra a gripe A a través do desenvolvemento de tres liñas principais de actuación:

1. Difusión de información á poboación: distribuindo e promovendo a información da Consellería de Sanidade, ademáis de elaborar información propia en base a protocolos común.
2. Aplicación dos protocolos de actuación dos concellos como empresas nos seus centros municipais: ademáis de protexer aos seus traballadores deberán asegurar o mantemento dos servizos básicos.
3. Colaboración coas institucións sanitarias situadas en cada un dos concellos.

Por todo o exposto, o grupo político municipal do Partido Popular de Ares, propón ao Pleno do Concello a adopción dos seguintes ACORDOS:

a) Creacción dunha Comisión Municipal interdepartamental (servizos sociais, protección civil, educación etc.) que ademáis incorpore un representante de cada grupo político municipal, que desenvolva as liñas extratéxicas dentro dun PLAN MUNICIPAL de Continxencia fronte á Gripe A, onde se centralicen e coordinen todas as actuacións municipais.

B) Dito Plan Municipal contemplará, sen menoscabo das que se acorden no seo da Comisión, as seguintes acutacións:

1) Promover actuacións informativas e formativas para divulgar entre o persoal municipal toda a información en relación coas medidas de prevención e protección fronte á gripe A, baseándose para iso na información achegada polas autoridades sanitarias (A gripe A(N1H1) nas empresas de Galicia", co obxectivo fundamental de:

- Manter a actividade indispensable.

* Reducir a transmisión entre o persoal.

* Protexer os traballadores con máis risco de gripe.

2) Dar instrucción aos traballadores municipais e/ou empresas concesionarias responsables do servizo de limpeza das dependencias municipais, para que se extremen os coidados de limpeza e desinfección de acordó ao establecido nas recomendacións da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia.



- 3) Elaborar/promover unha planificación de continxencia do absentismo laboral para o persoal municipal, e para cada unha das empresas concesionarias dos servizos municipais, que de resposta aos distintos niveis de absentismo por baixa que se poidan producir e deste xeito poder garantir o mantemento e continuidade de servizos básicos aos cidadáns (auga, electricidade, gas, policía, servizo de axuda a domicilio, comedor como unha seda, teleasistencia, etc...).**
- 4) Promover a posta en marcha de accións formativas/informativas dirixidas aos traballadores do ámbito socio-sanitario (protección civil, axuda a domicilio, etc) e representantes do tecido asociativo do concello (AA.VV e demáis organización sociais) para que actúen a súa vez como axentes informativos e divulgativos de todas as recomendacións, medidas preventivas e de protección, que establecen as autoridades sanitarias.**
- 5) Promover a posta en marcha de accións informativas dirixidas á poboación xeral, para a divulgación de medidas preventivas conforme á información achegada polas autoridades sanitarias (“O que tes que saber sobre a gripe A está na tú aman” <http://www.sergas.es/gripe>, Tfn.: 902400116, 981953400), a través de folletos, bandos, charlas informativas, internet etc.**
- 6) Elaborar un protocolo de coordinación de servizos socio-sanitarios, que promova a participación cidadá, en colaboración co tecido asociativo do concello, que optimice a resposta sanitaria (aliviando a demanda de consultas inncesarias nos centros de saúde e PACS) e socio-sanitaria; devandito protocolo debe contemplar actuacións sobre os colectivos que poden ser más vulnerables á pandemia, como as persoas marxinadas, as confinadas ou inmovilizadas no seu domicilio e os nenos.**
- 7) Ofrecer colaboración especial cos Centros Educativos do concello (Educación Primaria, e ESO) na aplicación dos seus propios protocolos.”**

Toma a palabra o voceiro do PP Sr. José Manuel Cendán Fernández: “Todos sabemos o que está xerando esta nova pandemia e por parte do Concello e cos medios ao noso alcance temos que fazer algo, a Moción recolle varios puntos, para apoio de tódalas institucións públicas e por parte dos traballadores do concello, cos colexios, podamos participar todos neste e que como dí a moción participar todos”

Sometida a votación a moción o Concello Pleno por unanimidade acorda prestarlle a súa aprobación.



Acto seguinte e antes de entrar no turno de rogos e preguntas polo Sr. Alcalde-Presidente, preguntase os voceiros dos grupos municipais se teñen algunha moción para súa presentación pola via de urxencia. Non presentándose ningunha.

Punto núm. 8.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Toma a palabra o voceiro do Partido Popular Sr. José Manuel Cendán Fernández:

"Temos dous, un con respecto a un camiño pois unha señora que veu falar co Concelleiro de Obras en Cervás, Camiño da Pena á Queira e se queixa de que está sen cortar, será Louseira; a señora veu aquí e o camiño está en moi mal estado e se pasara a tubería do saneamento e xa quedou mal, podedes mandar a alguén alí."

A segunda é o tema da RPT que convocaste a comisión de obras e non estamos ningún dos voceiros e este tema ten que ir a xunta de Voceiros"

Intervén o Alcalde-Presidente: "Cambiamos e ¿vamos os voceiros?" mañá facemos Comisión de Persoal e convocamos unha Xunta de voceiros para a semana que ven e foi un erro meu, eu lla din a Pepe e convocou a súa comisión e lla tiña que dar a Carmen para convocar Xuta de Voceiros, facemos comisión de persoal igual e a vindeira semana a de voceiros. Tedes copia tódolos grupos, pois mañá falamos e convocamos xunta de voceiros a semana que ven."

E non tendo máis asuntos para tratar e sendo as trece horas e oito minutos do día ó comienzo sinalado polo Sr. Alcalde-Presidente, levantase a sesión de todo o cal eu como Secretario dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,